



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E O CLÚSTER AUDIOVISUAL GALEGO (CLAG) CO FIN DE ACOLLER BOLSEIRO/AS PARA A ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS EN MATERIA DE INTERNACIONALIZACIÓN EMPRESARIAL

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, o Sr. D. Fernando Guldrís Iglesias, en representación do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), con CIF Q 6550010J e domicilio en Complexo Administrativo de San Lázaro s/n 15703 Santiago de Compostela. (A Coruña). Está facultado para este acto en virtude da delegación de facultades do 23 de decembro de 2016 do Presidente del Igape, feita pública mediante Resolución do 25 de xaneiro de 2017 (DOG nº 23, do 2 de febreiro de 2017).

E doutra parte, o Sr. D. Jorge de Benito Algorta en representación do Clúster Audiovisual Galego (CLAG), con CIF G15891260 e domicilio na Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n Edificio FEUGA, 15705 Santiago de Compostela, A Coruña.

As partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica suficiente,

EXPOÑEN

- 1.- Que mediante Resolución da Dirección Xeral do Igape do 19 de febreiro de 2020 publicáronse as bases reguladoras do Programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial.
- 2.- Que estas bases regulan a concesión dun máximo de 50 bolsas de formación práctica -no ámbito da internacionalización empresarial- para realizar labores de investigación de mercados, estudo de empresas e a súa planificación para internacionalización e, para investigación das posibilidades de cooperación internacional entre empresas galegas e estranxeiras.
3. - Que os posibles destinos dos bolseiro/as indicados nas bases son: oficinas de Igape e Xunta, oficinas comerciais de España no exterior, cámaras de comercio españolas no estranxeiro, organismos multilaterais, organismos intermedios galegos, centros de investigación, empresas e/ou outros organismos en Galicia ou no estranxeiro.
- 4.- Que ambas organizacións coinciden no interese de colaborar en accións que faciliten o acceso das empresas a novos mercados, a formación de persoal especializado en internacionalización, e acceso das empresas galegas a profesionais con este perfil.
- 5.- Que, convindo aos lexítimos intereses dos comparecentes, acordan regular a dita colaboración de acordo coas seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-

É obxecto do presente convenio regular as relacións de colaboración entre o lgape e o CLAG para a acollida dun bolseiro/a da convocatoria do Programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial.

SEGUNDA.-

A duración inicial da bolsa no organismo de acollida é de 11 meses e, a data de comezo estímase durante o mes de xaneiro de 2021. A dita duración poderá ser prorrogada polo lgape por un período máximo de doce meses adicionais en consideración á conveniencia de finalizar ou completar unha etapa da formación que xa estivesen comezadas ou a piques de comezar na data de finalización da bolsa, sempre e cando o CLAG acepte a prolongación da estadia.

A dotación da bolsa será pagada integramente polo lgape ao bolseiro/a, e inclúe todos os impostos de carácter persoal así como a Seguridade Social. O lgape non aboará ningunha cantidade á entidade colaboradora. No caso de que das tarefas encomendadas polo organismo se incurra noutros gastos non cubertos polas bases reguladoras do programa, estes gastos serán por conta do organismo.

O lgape asignará o bolseiro/a ao CLAG tendo en conta a puntuación final obtida polo bolseiro/a na resolución definitiva e o seu lugar de residencia.

O lgape poderá substituír ao bolseiro/a no caso de renuncia do bolseiro/a anterior ou por cambio de destino por causa xustificada.

TERCEIRA.-

A colaboración do **CLAG** consistirá en:

- A execución, dentro do horario laboral, do plan de formación plantexado polo CLAG, que se une como anexo ao presente convenio.
- A realización, a través do(s) titor(es) proposto(s) e que se indica no anexo ao presente convenio, do seguimento da actividade desenvolta polo bolseiro/a dentro do programa de formación establecida, e a provisión do asesoramento necesario para o seu correcto desenvolvemento e integración.
- A realización e envío ao lgape de informes acumulados trimestrais de execución e resultados do programa de formación, así como o informe final.
- Permitir a execución por parte do bolseiro/a de tarefas complementarias que o lgape lle poida asignar así como a participación en reunións, seminarios, aos que o bolseiro/a sexa convocado polo lgape, sendo neses casos por conta do lgape os gastos de desprazamento, que se aboarán directamente ao bolseiro/a como parte da dotación da bolsa.
- A posta a disposición das instalacións e os medios apropiados para o desenvolvemento da bolsa.
- A inclusión do bolseiro/a no plan de prevención de riscos do CLAG, asegurándose de que é coñecedor do dito(s) plan(s).



- O bolseiro/a deberá cumprir co réxime de ordenamento interno do CLAG.
- Subministrar toda a información necesaria para que o lgape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.

CUARTA.-

As actividades do beneficiario serán en todo caso formativas, sen que en ningún suposto poida ostentar a condición de responsable, nin tan sequera de facto, da execución de calquera tipo de actividade. O bolseiro/a deberá estar en todo momento supervisado e controlado polo titor que se lle designe, que será quen adopte calquera decisión que se considere necesaria e vele porque o beneficiario aproveite con éxito o proceso de formación.

Os dereitos e obrigas establecidas en virtude do presente convenio de colaboración non presupoñen relación laboral nin de servizos entre o CLAG e o bolseiro/a.

QUINTA.-

A entrada en vigor do convenio será desde a data efectiva de incorporación do bolseiro/a ao CLAG. A súa duración será de 11 meses podendo prorrogarse por doce meses adicionais se existe conformidade ao respecto polas dúas partes.

SEXTA.-

As controversias que puidesen xurdir da interpretación do presente convenio resolveranse por unha Comisión Mixta constituída por un representante designado por cada unha das partes e presidida polo director xeral do lgape, a cal se reunirá a convocatoria de calquera dos seus membros, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e correspondendo contra os mesmos recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados de Santiago de Compostela.

SÉTIMA.-

As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

A entidade colaboradora someterase aos mecanismos de inspección e de control que o lgape considere convintes, vinculadas ás actividades formativas dos beneficiarios en relación coa bolsa concedida

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

OITAVA.-

O CLAG consinte expresamente a inclusión dos datos persoais e relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no Complexo Administrativo de San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela.



NOVENA.-

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polas súas propias cláusulas e no disposto por elas, polas normas de Dereito Público español, isto é, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normas subsidiarias.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en tódalas estipulacións, e como proba de conformidade asínase por duplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.

Polo IGAPE:

Polo CLAG:

Asdo.: Fernando Guldrís Iglesias

Asdo.: Jorge de Benito Algora



ANEXO PLAN DE FORMACIÓN	
NOME TITOR BOLSEIRO/A:	María del Mar Varela Lafuente
MERCADOS DE INTERESE:	Francia, Alemaña, Italia, Portugal, Arxentina, Brasil, Mexico, Colombia, Chile, Canadá, USA, UK
ACCIONS INTERNACIONALIZACIÓN PREVISTAS 2021:	MISIÓN EMPRESARIAL DIRECTA EUROPEAN FILM MARKET (07 - 15 FEBREIRO) MISIÓN EMPRESARIAL DIRECTA CARTOON MOVIE 2021 (3-5 MARZO) MISIÓN EMPRESARIAL DIRECTA SERIES MANIA 2021 (22 - 30 MARZO) MISIÓN INVERSA ALEMAÑA, FRANCIA E ITALIA 2021, CARBALLO INTERPLAY (01 - 04 ABRIL) MISIÓN EMPRESARIAL DIRECTA RIO CONTENT 2021 (2-5 MAIO) MISIÓN EMPRESARIAL DIRECTA L.A. SCREENING 2021 (14-20 MAIO) MISIÓN EMPRESARIAL DIRECTA CELTIC MEDIA FESTIVAL 2021 (2-4 XUÑO) FESTIVAL DE ANNECY 2021 (11-16 XUÑO) MISIÓN EMPRESARIAL INVERSA SECTOR ANIMACIÓN, FX E NEW MEDIA 2021, MUNDOS DIGITALES (03-10 XUÑO) MISIÓN EMPRESARIAL INVERSA SECTOR CONTIDOS DIXITAIS PORTUGAL 2021, CARBALLO INTERPLAY (01-03 SETEMBRO) MISIÓN EMPRESARIAL DIRECTA IBC (13-18 SETEMBRO) MISIÓN EMPRESARIAL DIRECTA MIPCOM (14-17 OUTUBRO) MISIÓN EMPRESARIAL DIRECTA MIP CUNCUN (17-20 NOVEMBRO) MISIÓN EMPRESARIAL DIRECTA CONTENT LONDON (03-08 DECEMBRO) CAMPAÑA DE PUBLICIDADE DO AUDIOVISUAL GALEGO 2020-2021. ANUNCIO PUBLICITARIO CLUSTER AUDIOVISUAL GALEGO 2021 ELABORACIÓN VIDEO PROMOCIONAL CLUSTER AUDIOVISUAL GALEGO 2021. CATÁLOGO DAS EMPRESAS DO AUDIOVISUAL GALEGO 2021 XESTIÓN DE TRAMITACIÓN DE CONTRATOS INTERNACIONAIS 2021. As datas de celebración poden sufrir modificacións como consecuencia da crise sanitaria provocada pola COVID-19.
PLAN DE TRABAJO E TAREFAS DO BOLSEIRO/A:	1) Coñecer a cultura organizacional do Clúster. (2) Formación no eido da industria audiovisual de Galicia. (3) Participación activa nas tarefas do proxecto onde poida fomentar as súas aptitudes persoais como a seguridade, a capacidade de comunicación, a creatividade, a competitividade, etc.



	(4) Fomentar o traballo en equipo, participando nas reunións do persoal do Clúster. (5) Análise de distintos informes e estudos sobre o sector audiovisual galego, (6) Análise de distintos informes e estudos do sector audiovisual (7) Asistencia técnica aos proxectos de internacionalización. (8) Participación na elaboración dun Plan Operativo de Internacionalización 2021-2022.
--	--